



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Convocatoria do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa de peóns albaneis para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais financiado pola Deputación de A Coruña

ANUNCIO

CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA DE PEÓNS ALBANEIS PARA A CUADRILLA DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DE A CORUÑA

Por Resolución desta Alcaldía núm. 146/2021 de 4 de febreiro aprobáronse as bases e a convocatoria do do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa de peóns albaneis para a departamento de obras e servizos mínimos municipal, anualidade 2021, e a elaboración dunha bolsa de traballo en réxime de contratación laboral temporal a tempo completo financiado pola Deputación da Coruña dentro do programa PEL/concellos reactiva 2021,

1 Obxecto da convocatoria

1.1 Ten por obxecto esta convocatoria a selección para a contratación de persoal laboral temporal a xornada completa de duración determinada de peóns albaneis para a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipal, anualidade 2021, mediante a modalidade de contratación por obra ou servizo prevista no Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As datas de inicio e de finalización dos contratos serán os establecidos na Resolución da contratación.

1.2 Igualmente constituirá o obxecto desta convocatoria a creación dunha bolsa de traballo para a contratación laboral temporal de duración determinada mediante calquera dos contratos legalmente establecidos no Estatuto dos Traballadores para substitución por incapacidade temporal, renuncias, vacacións do persoal, ou se é o caso, novas contratacións por causas sobrevidas dos postos de traballo indicados no punto 1.1 desta base.

Esta convocatoria está vinculada á concesión definitiva da subvención PEL- CONCELLOS REACTIVA 2021 solicitada á Deputación da Coruña. No caso de que o Concello de Muros non resulte beneficiario desta subvención, este proceso suspenderase de inmediato e quedará sen ningún efecto.

2 Características do posto

Área de subscrición: Obras

Denominación do posto: Peón albanel

Prazas: 7

Duración: 8 meses e 10 días

Grupo: V

Soldo: 1.118,31 euros





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Modalidade contractual: Contrato de obra ou servizo a tempo completo.

Titulación: Polas funcións a realizar, non se precisa estar en posesión de ningunha titulación.

Cometido funcional: No ámbito dos servizos mínimos previstos nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e o punto 2.3. das Bases reguladoras do PEL – Concellos Reactiva do ano 2021, as funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos peóns de albanería, carpintería, fontanería e electricidade, sempre dentro das funcións dos servizos mínimos previstas na lei. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

3 Sistema de selección

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

4 Requisitos das persoas aspirantes

Para poder formar parte desta convocatoria, as persoas aspirantes deberán reunir, antes do remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), permita o acceso ao emprego público.

b) Non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas (CCAA), nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido separada mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitada ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión das capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

e) Estar en posesión do CELGA 1, ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.





CONCELLO DE MUOS
(A Coruña)

A acreditación da competencia en lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao sistema de certificación de lingua galega (CELGA), actualmente vixente, ou ás súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do emprego público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten documentalmente a competencia da en lingua galega (CELGA 1, ou equivalente), ou que non estean en condición de acreditala documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de competencia en lingua galega, de conformidade ao previsto no punto 8 destas bases, e que cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta.

f) Segundo o previsto no punto 2.1 das bases xerais do programa PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021 (BOP núm. 220 de 23 de decembro de 2020), as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:

- Mulleres.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas paradas de longa duración, entendendo por tales nesta convocatoria as que leven máis de dous anos como mínimo como demandantes de emprego.
- Persoas con discapacidade: aquelas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.
- Persoas en situación de drogodependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- Persoas con fogar monoparental ou monomarental.
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

Xustificarán a pertenza a un destes colectivos da seguinte maneira:

Situación	Acreditación
Mulleres, persoas maiores de 45 anos	Fotocopia DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental/monomarental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero	Informe dos servizos sociais municipais
--	---

g) Estar inscrita como demandante de emprego no momento de formalizar o contrato laboral.

5 Forma e prazo de presentación de instancias

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo (Anexo II) presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal). O prazo para a presentación de solicitudes remata aos 10 días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación destas bases no BOP.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, en horario de atención ao público (de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste último caso, as persoas aspirantes deberán comunicalo, enviando copia da instancia ao seguinte Fax: 981 762 257, ou enderezo electrónico: notifica@muros.gal, durante o mesmo prazo ca o de presentación de solicitudes. En caso contrario, quedarán excluídas do proceso selectivo.

As persoas aspirantes poderán obter copia do Anexo II (modelo de solicitude) no Rexistro xeral do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal).

Xunto coa solicitude (Anexo II asinado), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Declaración xurada de aceptar as bases e de cumprir os requisitos esixidos no apartado 4 das bases (Anexo II).
- c) Declaración responsable de que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal, comprometéndose a presentar os orixinais no caso de que lle sexa requiridos (Anexo II).
- d) Autorización expresa ao Concello de Muros para a cesión de datos persoais á Deputación da Coruña requiridos para a xustificación desta subvención (Anexo II).
- e) Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Non se valorarán os méritos que non estean debidamente presentados dentro do prazo de presentación da solicitude.
- f) Tarxeta de demandante de emprego e acreditación de pertencer a algún dos colectivos previstos no punto 4 f) destas bases.

Só se terán en conta para a fase de concurso os méritos achegados dentro do prazo de presentación de solicitudes, e non se tomarán en consideración os que se acheguen con posterioridade ao remate do prazo, que serán considerados como achega de nova de documentación fóra de prazo.

6 Admisión das persoas aspirantes





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Nesta resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica (sede.muros.gal), indicárase as iniciais e o DNI codificado das persoas admitidas e excluídas, coas causas da exclusión, concedendo un prazo de dous días hábiles para a corrección da documentación necesaria para participar no proceso. No caso de que non existan persoas excluídas, a lista de admitidos/as quedará aprobada definitivamente sen abrir o prazo de corrección de documentación.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas por resolución da Alcaldía, aprobando a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a composición do Tribunal e a data e hora da realización do primeiro exercicio. Esta resolución publicarase no taboleiro da sede electrónica do Concello de Muros.

7 Tribunal cualificador

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha presidencia, unha secretaria e tres vogalías con titulación igual ou superior ao requirido para o postos de traballo que se pretende cubrir.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a.

De todas as reunións que celebre o tribunal, a secretaria do tribunal redactará a correspondente acta.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran estas circunstancias.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (reclamando, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte de asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva)

En todo o non previsto nestas bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Os membros do tribunal deberán tomar as medidas necesarias para evitar o contaxio por COVID-19, para o cal, o Concello deberá proveelos dos EPIS necesarios que serán de utilización obrigatoria. Así mesmo, deberán manter unha distancia mínima de seguridade de 2 metros entre eles.

8 Procedemento selectivo

Coa resolución comprensiva da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, determinarase a composición nominativa do tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

Os sucesivos anuncios do tribunal efectuarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase á coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído/a, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

As persoas aspirantes terán un prazo de dous días dende a publicación dos acordos do tribunal para presentar reclamacións que consideren oportunas.

Os exercicios da fase oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal. O tribunal publicará todos os acordos no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://muros.sedelectronica.gal>). O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 22,5 puntos, que se desenvolverá como se detalla a continuación:

A. Fase de oposición, ata un máximo de 15 puntos

Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán a puntuación en 0,10 puntos. As preguntas non contestadas non restan puntos.

a) Segundo exercicio, ata un máximo de 5 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 2,5 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos. Só realizarán este exercicio as persoas que superen o primeiro exercicio. O tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para a súa valoración.

b) Terceiro exercicio, apto/non apto

As persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido (CELGA 1 ou equivalente) terán que realizar unha proba obrigatoria de competencia en





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

lingua galega, antes do inicio da fase de oposición. O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao Tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

A proba determinará o Tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1.

Esta proba cualificará será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acaden a cualificación de apto, dado que non cumprirían o requisito esixido no punto 4.e) destas bases.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, que se fará mediante anuncio no taboleiro do Concello de Muros, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica; e dispoñen dun prazo de dous días hábiles dende a súa publicación para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Para a realización destas probas, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co COVID-19, debendo o/a aspirante presentarse co seu propio bolígrafo e coa máscara, e deben manter unha distancia mínima de 2 metros coas demais persoas.

B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 7,5 puntos

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

a) Por servizos prestados en prazos iguais ou de semellante función, máximo de 5 puntos

A experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes características (construción, carpintería fontanería, electricidade e outras relacionadas co posto de traballo), puntuarase con 0,20 puntos por mes de servizo ata un máximo de 5 puntos.

Forma de acreditación dos servizos: Fotocopia compulsada do contrato de traballo e certificación de vida laboral, expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e as funcións desempeñadas. Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial. No caso de que a relación fose funcional, deberán acreditarse os servizos mediante o nomeamento, a toma de posesión e a certificación da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Se os servizos derivan dunha actividade por conta propia acompañarase obrigatoriamente a copia do contrato de servizo que dera lugar a experiencia alegada e a alta no réxime correspondente. Deberá quedar debidamente acreditado o posto de traballo concreto e a función desempeñada. Non se valorarán as actividades por conta propia nas que non se achegue esta documentación. Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos e, en ningún caso, un certificado de servizos prestados poderá substituír ao contrato de traballo ou a resolución de nomeamento e toma de posesión.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, a documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

b) Formación relacionada co posto, ata un máximo de 1 punto

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas relacionadas co posto de traballo.

- Cursos de máis de 200 h: 1,00 puntos
- Cursos de 30 a 199 h: 0,75 puntos
- Cursos de 10 a 59 h: 0,50 puntos

c) Estar en posesión do carné de conducir, ata un máximo de 1,5 puntos

- Carné de conducir tipo B: 1,00 puntos
- Carné de conducir tipo C: 1,50 puntos

Acreditarase mediante copia compulsada do carné de conducir.

9 Resolución e creación da bolsa de traballo

A puntuación final obterase sumando as puntuacións acadadas en cada fase do proceso selectivo. No caso desempate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a maior idade do/a aspirante.

O tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://sede.muros.gal>), a Alcaldía proporá ás sete persoas seleccionadas e ás persoas que formarán parte da bolsa de traballo por orde decrecente, e establecerá un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións.

A proposta do tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase telefonicamente ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral, a persoa que realice os chamamentos deixará constancia. Se a persoa candidata rexeita a contratación ou non se presenta a asinar o contrato na data sinalada, agás por causa xustificada (baixa médica, paternidade/maternidade ou contrato laboral) pasará ao último posto da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

As persoas integrantes da bolsa de traballo non perderán a orde de pre relación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se o nomeamento para as persoas que son chamadas finaliza, retornarán ao posto que tiñan na lista.

Unha vez aceptada por parte das persoas candidatas seleccionadas o posto de traballo, as novas substitucións deberán fundamentarse nos supostos de renuncia, licenzas ou baixas por IT, o que condicionará a modalidade de contratación.

10 Incidencias

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas, e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento do proceso; e, todo isto, con pleno sometemento ás previsións normativas aplicables ao respecto, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

11 Normativa aplicable





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

O proceso selectivo rexerese polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

12 Financiamento

O proxecto financiaranse con recursos procedentes da Deputación Provincial da Coruña, nunha contía de 92.000,00 euros, e con recursos municipais non afectados ata cubrir os custes laborais totais, con cargo as aplicacións do Orzamento Municipal de 2015- prorrogados, 21/241.13100 e 21/241.16000. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas en 1.118,31 euros brutos mensuais, por todos os conceptos, máis a indemnización por remate de contrato.

13 Datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Muros coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que deriva da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos basease no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Muros ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Todo o cal, infórmase en cumprimento do disposto no art. 11 e ss. da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.

14. Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contaranse dende o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao contencioso-administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado dende a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. Materiais, EPIS e ferramentas utilizadas na construción.





CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

Tema 2. Diferentes elementos na construción. Muros, tabiques e paredes. O formigón.

Tema 3. Materiais, EPIS e ferramentas utilizadas na carpintería, fontanería e electricidade.

Tema 4. Canalizacións de augas pluviais e residuais.

Tema 5. Toponimia do Concello de Muros.

Tema 6. Ferramentas de limpeza medioambiental, tipo, usos, mantementos e EPIS.

Muros, 5 de febrero de 2021

A Alcaldesa

María Inés Monteagudo Romero

